



R organiza de novo as súas Xornadas Tecnolóxicas para analizar os cambios estruturais do mundo nos dous últimos anos e propostas ante novos desafíos económicos e sociais

O catedrático economista Santiago Niño-Becerra e o especialista en Metaverso Roberto Romero, nas Xornadas Tecnolóxicas R

- ***O Catedrático Emérito da Universidade ‘Ramón Llull’, Santiago Niño-Becerra ofrecerá a súa visión sobre a economía mundial, a innovación, a sostibilidade e a resiliencia, entre outros temas.***
- ***Roberto Romero, tecnólogo especialista en Metaverso, falará do que é e das oportunidades potenciais deste fenómeno virtual que xa está a revolucionar o universo das telecomunicacións.***
- ***Ambos os dous expertos uníranse, durante as Xornadas, a unha mesa profesional para debater sobre os cambios da orde mundial e calibrar ata que punto están preparadas as empresas para afrontalos.***
- ***Este ano as Xornadas deseñáronse como ‘evento neutro en carbono’, e para iso R calculou o seu impacto ambiental e compensou a totalidade das emisións de gases de efecto invernadoiro que non se puideron evitar colaborando coa plantación de árbores autóctonas.***
- ***O evento celebrarase desta volta no espazo do Museo do Pobo Galego, en Santiago de Compostela, o vindeiro xoves 9 de xuño, para un auditorio de profesionais e responsables de empresas.***

Luns, 6 de xuño de 2022.- Unha nova edición das **Xornadas Tecnolóxicas R** -evento xa de referencia para as empresas galegas- celebrarase este xoves 9 de xuño no auditorio compostelán do Museo do Pobo Galego, onde concorrerán profesionais e altos responsables de empresas para escoitar expertos de varios sectores directamente relacionados coa economía e a tecnoloxía.

Baixo o título **“O teu futuro decídelo hoxe, apúntate ao efecto dixital”** ofrecerase, esta vez, unha visión o máis especializada e aberta posible a un tempo para descifrar algunhas das claves que marcarán o devir do mundo de agora en diante, tras as profundas transformacións económicas e sociais vividas nos últimos anos.

Niño-Becerra: “que futuro nos espera?”

Para comezar, o Catedrático Emérito da Universidade ‘Ramón Llull’, Santiago Niño-Becerra intervirá nas Xornadas coa súa charla **“Un probable escenario”**, e ofrecerá o seu debuxo particular e detallado do panorama socio-económico en que nos atopamos inmersos despois de dous anos de crise sanitaria e económica a nivel mundial.

Niño-Becerra falará sobre o novo modelo produtivo e de negocio derivado deses acontecementos que marcaron para sempre a Historia do mundo; e exporá propostas para a **reinención das persoas e das empresas** que nos permitan adaptarnos e superar os retos dese máis que probable escenario onde a tecnoloxía xoga e xogará un papel transcendental e indispensable.

O conferenciante ofrecerá, en suma, a súa visión sobre a economía mundial e abordará temas como a innovación, a fabricación avanzada, a loxística intelixente, a eficiencia enerxética, a sostibilidade e a resiliencia, entre outros.

O Metaverso, a nova revolución tecnolóxica?

Sobre iso disertará durante as Xornadas Tecnolóxicas **R** Roberto Romero, experto tecnólogo e especialista no denominado fenómeno do **Metaverso**, inminente espazo virtual que parece chamado a marcar fronteiras temporais no contexto das telecomunicacións.

Romero, quen na actualidade se dedica á creación de contido interactivo en medios inmersivos de realidade virtual e aumentada, falará sobre ese futuro universo onde será posible relacionarse cos/as clientes/as, e favorecer a venda de produtos reais e virtuais.

Coa súa charla **“Unha viaxe increíble: do ciberespazo ao Metaverso”**, este experto ofrecerá o seu enfoque acerca dalgúns interrogantes: O ‘metaverso’ é realmente o futuro?, como se pode orientar ao negocio? En definitiva, que é e que oportunidades ofrece.

Experiencia transformadora e mesa profesional

O programa das Xornadas Tecnolóxicas **R** deste ano completárase, por unha banda, co **caso de éxito da empresa Applus +**, relatado polo seu responsable tecnolóxico e de dixitalización Ramón María Rincón e, finalmente, cunha mesa profesional á que se unirán Niño-Becerra e Roberto Romero.

Este último panel, titulado **“Os cambios que chegan: está a túa empresa preparada?”** contará tamén coas intervencións dos expertos en telecomunicacións Manuel Díaz, CIO de Luckia, Isidro Fernández de la Calle, director de Empresas de **R**, e Antonio Rodríguez del Corral, Presidente do Clúster TIC Galicia.

Entre outras cuestións, os expertos debaterán sobre os **cambios da orde mundial** e tentarán calibrar ata que punto están preparadas as empresas para afrontalos actualmente. Así mesmo, está previsto que repasen posibles **estratexias ante este novo panorama** e que analicen o impacto real dos fondos e axudas europeas para paliar problemas inherentes á nova conxuntura.

Todo iso, coa tecnoloxía ocupando un lugar central como referente deses cambios estruturais e clave indiscutible para apuntalar solucións socio-económicas. O mundo en que vivimos, marcado polo efecto dixital, é hoxe moi diferente ao de hai un par de anos, e nel decidiremos o noso futuro, un futuro xa presente nas nosas vidas.

Xornadas Tecnolóxicas R 2022, evento sustentable.

En liña co compromiso ambiental e contra o cambio climático de **R**, as Xornadas deseñáronse este ano coa intención explícita de reducir o impacto ambiental que poidan xerar. E para iso hanse poñer en práctica medidas sobre os aspectos organizativos que máis negativamente poidan influír na contorna, como a utilización de vehículos para transporte de persoas e materiais, consumo de electricidade, auga, papel, vidro, comida... etc.

R calculou a pegada de carbono das Xornadas, é dicir, a cantidade de CO₂ que conleva a organización e desenvolvemento do evento, e compensou as emisións de gases de efecto invernadoiro non evitables colaborando coa **plantación de árbores autóctonas**, en leiras custodiadas pola asociación *Quercus Sonora* na comarca da Ulloa (Lugo).

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal